



**Resolución do 14 de setembro de 2018, da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Política Social, pola que se aproba a relación provisional de solicitudes para cubrir prazas de persoas colaboradoras-bolseiras na Residencia Florentino López Cuevillas de Ourense, para o curso académico 2018/2019**

Convocada a oferta de prazas de persoas colaboradoras-bolseiras nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Política Social, para o curso académico 2018/2019, por Orde do 20 de xullo de 2018 (DOG Núm. 150, do 7 de agosto), e examinadas as solicitudes presentadas para a Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas pola comisión cualificadora correspondente creada ao efecto, de acordo cos criterios de selección establecidos no artigo 9 da Orde de convocatoria.

En cumprimento do disposto no artigo 11 da citada Orde, esta Xefatura Territorial,

**RESOLVE**

**Primeiro:** Aprobar a relación provisional de admitidos/as, así como a lista de espera, para as prazas de persoas colaboradoras-bolseiras na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense, para o curso académico 2018/2019, que figura como anexo á presente resolución, en base á proposta elevada polo órgano instructor e ó informe da comisión cualificadora, á vista das solicitudes presentadas en prazo regulamentario.

**Segundo:** Facer pública dita relación mediante a súa exposición nos lugares indicados no artigo 11 da convocatoria.

As persoas solicitantes terán un prazo de 10 días hábiles posteriores á data da exposición pública da relación provisional para efectuar as reclamacións que consideren oportunas. As ditas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Ourense, 14 de setembro de 2018

A xefa territorial

María José Fernández Laso

